

DESMITIFICACIÓN DUN ASASINO

Xesús Franco proponnos en *Contra mar*, obra gañadora do Premio Martín Códax 1995, abrir os ollos e, obviando a súa beleza natural, ser capaces de exercer en relación ó mar un exercicio desmitificador. Observar baixo as augas a inhóspita realidade da vida do mariñeiro, compartir a loita contra un elemento deshumanizado e denunciar a cruel realidade dos afogados. Experimentar en propia carne a derrota dese mariño que, enfrontado por primeira vez á singradura, retorna a porto máis abatido, sen azos para rexeitar unha nova volta ó barco.

Perante o mar, o eu poético escíndese en dúas voces: a terceira que, allea á singradura, espregueira desde o peirao e a primeira que, no barco, se despide da terra. Esta será a que nos guíe facéndonos partícipes da súa vivencia interior da costeira, dos seus medos fronte a unha viaxe que se lle presenta como un enigma.

Dende o comezo

houbo un home a cada banda,

muda linguaxe de olladas

entre o peirao e o barco

A singradura que agora comeza é universal e repítese continuamente, desde o comezo dos tempos, en todos os portos do mundo. Así as experiencias reflectidas pola voz poética nos poemas non son individuais senón que abranguen, na súa colectividade, as vivencias de calquera mariñeiro independentemente da súa procedencia racial, histórica ou xeográfica.

A desorientación é o sentimento imperante neste periplo pois nunca se sabe que vai acontecer, onde axega o perigo, e cando ese mar "*plasma voraz sen ventre nin moral*" vai amosar as súas artes de serea para levarnos cara o propio suicidio. Desde o abraio inicial que sentíu a voz poética perante a grandiosa realidade marítima vaise dando paso ó medo entrelazado co odio conforme se vai coñecendo a cara escura deste elemento. Durante as gardas "*de 12 a 4*" o mariño vese cercado pola frustración e, entón, a fragilidade da súa vida séntese máis próxima e dolorosa. Nestas horas é fácil para el sucumbir ó engado dun mar cheo de seres fantasmagóricos - sereas, o holandés errante, afogados- que tentan levalo cara o seu reino de silencio e desolación.

Navegando de noite

na garda de 12 a 4

lonxe da costa

fúndense as tebras dentro de min

a escuras ollando pra bóveda

imaxino a derradeira singradura

O odio cara ese "*MARE TENEBRARUM*" que todo o destrúe vai medrando lentamente, desde o coñecemento cada vez máis profundo da súa realidade antropófaga, pois, só os corpos dos afogados -eses que nunca devolve- son alimento capaz de saciar os seus apetitos sanguinarios. Por se este feito quedase agochado baixo un berniz de fermosura, o eu poético lanza unha advertencia para todos os que se deixan tentar polas artes dun mar-serea:

A TODOS

os que vedes os océanos

con estética de pintor

¡ADVÍRTOVOS!

esa bucólica estampa

contén máis crimes

que imaxinar poidades

Dentro do barco o home é unha engrenaxe sen máis valor que o de calquera peza substituíble. Esta consciencia afonda aínda máis o desacougo existencial dun ser que ve anulada a súa existencia como ente racional. Mais só esquecendo o raciocinio é quen de enfrontarse con aquilo que teme máis que a nada e plantarlle cara a un mar-tirano caprichoso. O mariño está sempre á espreita dun perigo que presinte pero non sabe de onde virá, pois, malia ser fillo de Tetis (deusa das profundidades oceánicas) pola súa inclinación atávica e xenética cara as singraduras, tamén é alimento e refugallo do mar.

O MARIÑO un deus

da caste de Tetis

sentencia no caos

constructor do BARCO

*esterco do **MAR***

Chega a ser tal o medo perante este espírito demoníaco que nunca é nomeado polos vellos mariñeiros. Eufemismos como "esa, *aquelo*, *aló*" designan ó elemento que lles roubou non só anos de vida e xuventude senón fillos, amigos, seres queridos dos que non queda nin o pequeno consolo de enterrar o seu corpo. O tratamento que o mar inflinxe ós seres que se enfrontan a el é un xeito de igualamento de pobos, razas, barcos, seres que alimentan a súa fame asasina cunha impunidade tal que nin a divindade pode controlala. Pero, só neste mar é posible atopar esa liberdade absoluta que só poden outorgar os transgresores de todas as normas, liberdade reservada para os seres máis atrevidos: amotinados e piratas.

Finalmente, na volta ó porto de partida, o home séntese estafado por un esforzo inútil e pola derrota de saber que, cando o mar volva reclamalo, non terá forzas para negarse ó seu chamamento. Unha última mensaxe tírase desta odisea: ninguén que non a teña vivido poderá entender a epopea do mar e así só ese vello mariñeiro que cumpre cada tarde o ritual de visitar a costa pode transmitírnola encerrada nos seus ollos cansos:

*Non busques a epopea do **MAR***

nos manuais literarios

nin Diarios de Navegación

mirade nos ollos xubilados

dese home que olla pra ría

todas as tardes

antes de voltar

derrotado á casa

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 702, 30-11-1995, pp. 21-22